


EXERCICIOS PRÁCTICOS UD 1. XEOGRAFÍA DE ESPAÑA. Curso 2025-26

1.- Atendendo ao documento, conteste:

- Localice cinco sistemas montañosos con presenza da cor verde.
- Identifique o tipo de documento e nomee a área litolóxica que corresponde a cada cor da lenda.
- Explique o modelado da rocha predominante na área litolóxica de cor morada.
- Explique o modelado da rocha predominante na área litolóxica de cor amarela.





Fonte: Editorial Santillana

2. Atendendo ás seguintes imaxes responde:

- Escribe o termo correspondente nos ocos valeiros do bloque diagrama A.
- Sinala as partes sinaladas no bloque diagrama B e explica o seu proceso de formación.

A



B

3. Atendendo ao documento, conteste:

a) Ademais de Sta. Cruz de Tenerife, nomee cinco das illas principais que forman o arquipélago canario.

b) Que tipo de mapa é e que información representa?

c) Realice un comentario do mapa guiado polas seguintes cuestións sobre os condicionantes físicos e humanos da área:

1. Describa como é o relevo que reflicte o mapa.

2. Que son as curvas de nivel e cal é a de maior altitude que aparece?.

3. Ao oeste de “Garachico” arranca unha vía de comunicación ata “San Juan del Reparo” (TF421). Cales son as súas principais características?.

4. Que tipo de vexetación é a dominante nesta área?.

5. Que tipo de poboamento aparece nesta área?.

6. Cales son os principais usos do solo e aproveitamentos económicos desta área canaria?.



Doc 1 - Fragmento da folia 1091 do MTN50 - Icod de los Vinos (Sta. Cruz de Tenerife) / Fonte: IGN

4. Realiza o comentario do perfil topolóxico seguindo as pautas.

